



Estimadas familias:

Antes de nada , todo o equipo de profesores do IES Terra de Turonio dámoslle a benvinda a este novo medio de educación dixital con EDIXGAL pois neste novo curso escolar 21-22 o noso centro está incluído neste programa, o que significa que os seus fillos/as formaranse na metodoloxía dixital dende 1º a 4º de ESO e a maioría dos libros de texto serán dixitais.

Polo tanto o novo alumnado que entra neste programa faráselle entrega dun portátil, cargador, maletín e caixa de embalaxe, con acceso á plataforma dixital EVA, que terán que devolver ao final da etapa.

Este equipamento é propiedade da Xunta de Galicia e entrégaselle ao alumnado en concepto de cesión por uso, de xeito que o propio alumando e familias fanse responsable dos posibles desperfertos ocasionados no equipo, feito ao que o alumnado e responsables están obrigados por lei tal como se establece no artigo 35 do DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. (DOG do 27 de xaneiro)

“O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e materiais dos centros, incluídos os equipamentos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores legais serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente”

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria xunto con a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) poñen a súa disposición o Servizo Premium de Atención, Soporte e Acompañamento. Dito servizo esta dispoñible para xestionar e solucionar calquera consulta, incidencia, ou aclaracións de dúbidas que teñan sobre o equipo do/a alumno/a ou o acceso e uso da Plataforma de Contidos Dixitais (EVA) tanto online como offline.

O contacto co Servizo Premiun pódese facer durante as 24 horas do día a través do número de teléfono 881 86 99 00 ou do correo electrónico soporte.premium@edu.xunta.gal.

Neste curso, o Servizo Premiun pon en marcha dúas novidades: por un lado, a atención no domicilio dos docentes e familias, e, por outra parte, a atención descentralizada en 80 Puntos Físicos de Atención Especializada, situados estratexicamente próximos a cada centro E-Dixgal.

SEGURO DE ORDENADORES

Debemos facer fincapé na necesidade de controlar e protexer o equipo subministrado en todo momento por parte do alumnado e familia . O ordenador ten un seguro gratuíto para fallos normais de uso do aparato pero NON cubre nin roturas nin roubos . Existe a posibilidade de facer un **seguro para roturas por 49 €** anual pero que tampouco cubre roubos. Se desexan facer dito seguro póñanse en contacto co soporte Premium.

Para calquera dúbida póñanse en contacto coa coordinadora Edixgal do centro e na páxina web do centro teñen máis información na pestana EDIXGAL

Susana Franco González (Directora)

María Luisa Pita Ameneiros

(Coordinadora e-dixgal)